



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano Bloque
3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE MARÍN PARA A REMODELACIÓN DO ESPAZO INTERIOR E O EQUIPAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MARÍN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Marín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A remodelación do espazo interior e o equipamento da Biblioteca Municipal de Marín.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

As actuacións teñen por obxecto principal o fomento e promoción da cultura, e a protección, conservación e difusión do patrimonio cultural.

O Concello de Marín quere remodelar o espazo interior e equipar a Biblioteca Municipal.

O concello é consciente da necesidade de promover e difundir todo tipo de actividades culturais que teñan por obxectivo a animación á lectura, actividades que se levan a cabo dende a biblioteca e que van dirixidas tanto a adultos como a nenos.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano Bloque
3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación pola necesidade de atender áreas específicas para a difusión dos recursos cos que contamos, como é o proxecto de remodelación do espazo interior e o equipamento da Biblioteca Municipal de Marín, único con estas características.

Por todo o anterior é o Concello de Marín o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

